



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 26 de novembro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3.- APROBACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE TEO 2026.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 17 de novembro de 2025, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, persoal, novas tecnoloxías e seguridade cidadá do 20 de novembro de 2025.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE TEO 2026. (2024/X999/000822)

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece no seu artigo 132, dedicado á planificación normativa que, anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterà as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, recoñece aos concellos a potestade regulamentaria que se concreta na autonomía para desenvolver normas xurídicas, no ámbito das súas competencias, que emanan do Pleno da Corporación ao que corresponde a súa aprobación inicial e definitiva.

Estas normas son as Ordenanzas, que regulan a actividade da veciñanza e particulares, e os Regulamentos, que regulan os servizos e órganos municipais.



CONCELLO DE TEO

Tendo en conta o arriba exposto e as previsións regulamentarias dos distintos departamentos administrativos do Concello, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o Plan Normativo municipal do Concello de Teo para o exercicio 2026, que figura como anexo.

Segundo.- Publicar este acordo no Portal de transparencia do Concello de Teo.

Terceiro.- Facultar á alcaldesa do Concello de Teo para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a execución do acordado.

PLAN NORMATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO PARA O EXERCICIO 2026. PREVISIÓN DE APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DE REGULAMENTOS E DE ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS

1.-Servizo: Urbanismo e Tesourería.

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Actuación que se pretende: modificación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.

2.- Servizo: Urbanismo e Tesourería.

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actos de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local derivados de execución de obras.

Actuación que se pretende: Aprobación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.

3.- Servizo: Cultura, Deportes, Relacións veciñais e Tesourería.

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por uso de instalación deportivas e culturais.

Actuación que se pretende: Modificación.



CONCELLO DE TEO

Motivo da actuación: revisión e adaptación.

4.- Servizo: Desenvolvemento local e Tesourería.

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa do dominio público para a venda ambulante.

Actuación que se pretende: Modificación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.

5.- Servizo: Medio ambiente e Secretaría Xeral

Norma: Hortas urbanas

Actuación que se pretende: modificación

Motivo da actuación: revisión e adaptación

6.- Servizo: CIM e Tesourería.

Norma: Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización de servizos de conciliación da vida laboral e familiar.

Actuación que se pretende: Modificación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.”

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (9 PP) e seis abstencións (2 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 2 PXC), acorda:

Primeiro.- Aprobado o Plan Normativo municipal do Concello de Teo para o exercicio 2026, que figura como anexo.

Segundo.- Publicar este acordo no Portal de transparencia do Concello de Teo.



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Facultar á alcaldesa do Concello de Teo para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a execución do acordado.

**PLAN NORMATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO PARA O EXERCICIO
2026. PREVISIÓN DE APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DE REGULAMENTOS E DE
ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS**

1.-Servizo: Urbanismo e Tesourería.

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Actuación que se pretende: modificación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.

2.- Servizo: Urbanismo e Tesourería.

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actos de utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local derivados de execución de obras.

Actuación que se pretende: Aprobación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.

3.- Servizo: Cultura, Deportes, Relacións veciñais e Tesourería.

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por uso de instalación deportivas e culturais.

Actuación que se pretende: Modificación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.

4.- Servizo: Desenvolvemento local e Tesourería.

Norma: Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa do dominio público para a venda ambulante.

Actuación que se pretende: Modificación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.



CONCELLO DE TEO

5.- Servizo: Medio ambiente e Secretaría Xeral

Norma: Hortas urbanas

Actuación que se pretende: modificación

Motivo da actuación: revisión e adaptación

6.- Servizo: CIM e Tesourería.

Norma: Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización de servizos de conciliación da vida laboral e familiar.

Actuación que se pretende: Modificación.

Motivo da actuación: revisión e adaptación.”

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz